



## Guía Docente

Datos Identificativos					
Asignatura (*)			Literatura española e hispanoamericana: Xéneros	Código	613484011
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Filoloxía Española e Latina				
Coordinación	Tato Garcia, Cleofe	Correo electrónico	cleofe.tato@udc.es		
Profesorado	Tato Garcia, Cleofe	Correo electrónico	cleofe.tato@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>Estudo avanzado de textos de Literatura Española ou Hispanoamericana baixo a perspectiva do xénero (literario ou editorial) no que se insiren.</p> <p>Este curso centrarase no teatro medieval, con especial atención ao nacemento do xénero celestinesco, de tanto éxito editorial.</p>				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Reflexionar sobre a noción de xénero eos seus problemas	AM1 AM2 AM4 AM7	BM4 BM5 BM6	CM1
Coñecer o entorno e percibir as distintas tradicións literarias relacionadas co teatro na Idade Media	AM2 AM4 AM5 AM7 AM10 AM11	BM1 BM3 BM5 BM6 BM8 BM9	CM1
Traballar individualmente e en equipo analizando algún aspecto dos textos seleccionados	AM1 AM2 AM3 AM4 AM5 AM7 AM10 AM11 AM13	BM1 BM2 BM3 BM4 BM5 BM6 BM8 BM9	CM1 CM3 CM6 CM7 CM8

## Contidos

Temas	Subtemas
1. O conceto de xénero literario	<p>Problemática ao respecto</p> <p>A Idade Media e os xéneros literarios</p>



2. O problema da adscrición xenérica de "La Celestina";	A obra no seu contexto. Fontes e influencias. O título, os preliminares e posliminares A discusión sobre o xénero O xénero celestinesco
3. Os problemas textuais	O manuscrito e as edicións Comedia e Traxicomedia
4. Problemas de autoría	O prólogo e outros elementos preliminares e postliminares. O primeiro autor. Fernando de Rojas. Documentación biográfica. O entorno histórico-cultural. Outras consideracións.
5. Estudo da obra	A temática (a sociedade, o amor, a morte, a maxía, outros); a estrutura (diferencias entre a Comedia e a Traxicomedia; as técnicas dramáticas; o espazo; a construción dos personaxes); o estilo (lingua; retórica; humor e ironía); interpretación da obra (o seu sentido e o propósito do autor)
9. Recepción da obra	Repercusión literaria de "La Celestina";

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados		0	24	24
Lecturas		0	13	13
Obradoiro		8	6	14
Proba mixta		1.5	4	5.5
Actividades iniciais		0.5	0	0.5
Sesión maxistral		10	5	15
Atención personalizada		3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Traballo tutelado pola profesora para promover a aprendizaxe autónoma. Desenvolverase de acordo coas pautas establecidas e axustarase as características formais marcadas.
Lecturas	Ademáis dos textos de lectura obrigatoria (a Comedia e a Traxicomedia), a profesora indicará outras lecturas, obrigatorias ou recomendadas, para a asimilación correcta dos contidos da materia. O alumno ha realizar con aproveitamento as lecturas e demostralo nas actividades que se leven a cabo nos obradoiros e no traballo tutelado.
Obradoiro	Combinación de diversas metodoloxías e probas (exposicións, debates, solucións de problemas, discusión dirixida, prácticas guiadas, etc.) a través das cales o alumnado desenvolve tarefas co apoio e supervisión do profesorado.
Proba mixta	A través de preguntas de distinto tipo e de exercicios varios (esta vez sen axuda de materiais nin do profesor), o alumno demostrará que acadou os coñecementos e competencias previstas.
Actividades iniciais	Exame dos coñecementos previos relacionados coa materia. Actividades para coñecer as competencias, intereses e motivacións do alumnado. Preténdese obter información relevante que permita articular unha docencia que favoreza a aprendizaxe eficaz e significativa.
Sesión maxistral	Nas sesións expositivas o ritmo da clase recaerá fundamentalmente no profesor, que tratará de introducir de maneira sintética as cuestións que o estudante debe ter en conta na práctica e unha aproximación teórica aos temas principais, con indicacións de recursos para adquirir os contidos e poder realizar os exercicios e as actividades. Procurarase que o alumnado se implique nestas sesións de forma participativa.



## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Lecturas Sesión maxistral Obradoiro	Previsiblemente entre o alumnado haberá diferencias notables en canto a súa formación de inicio ou a familiaridade con conceptos culturais e habilidades. Por esta razón planifícase desenvolver unha atención personalizada (especialmente para o traballo fóra da aula). O traballo tutelado requirirá, polo menos, de dous titorías co profesor antes da súa entrega. O alumno poderá sempre que sea preciso requirir atención tanto nas sesións presenciais como nas horas de titoría do docente.

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados		Avaliarase a orixinalidade, correcta estruturación de contidos, corrección expositiva, así como a calidade, profundidade e rigor da investigación; tamén se tomará en conta a presentación e o logro dos obxectivos propostos, sin esquecer a capacidade de relación do aportado co visto nas aulas.	50
Obradoiro		Avaliarase o progreso, a participación e a actitude de cada alumno na aula. Realizaranse distintos exercicios e actividades, que serán recollidos polo profesor	30
Proba mixta		En cada unha das oportunidades (final de cuatrimestre e xullo), realizarase nas datas oficiais unha proba mixta para avaliar a adquisición das competencias.	20

## Observacións avaliación

<p>Só se aceptarán traballos e actividades que se entreguen nas datas establecidas, en soporte de papel, e seguindo as pautas e as normas para a entrega de traballos escritos que se precisen en cada caso. Non se poderá aprobar a materia sen cubrir todos os ámbitos da avaliación. Na segunda oportunidade (xullo), a data de entrega dos diferentes traballos do alumno que se someterán a avaliación será o mesmo día que a fixada oficialmente para o exame; ademáis, será necesario obter, como mínimo, o 50% da calificación máxima no traballo tutelado. O alumno con dispensa de asistencia a clase recoñecida poderá ter asistencia personalizada para a realización das diversas actividades durante o curso.</p>
---

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- BOTTA, Patrizia (ed.) (). La Celestina. <a href="http://rmcisadu.let.uniroma1.it/celestina/celest.htm">http://rmcisadu.let.uniroma1.it/celestina/celest.htm</a></li><li>- CANET VALLÉS, José Luis (ed.) (2011). Comedia de Casisto y Melibea. Valencia: Universidad de Valencia</li><li>- LOBERA, Francisco y otros (eds.) (2011). La Celestina. Madrid: RAE</li><li>- RUSSELL, Peter E. (ed.) (1991). La Celestina. Madrid: Castalia</li><li>- SEVERIN, Dorothy S. (ed.) (1987). La Celestina. Madrid: Cátedra</li></ul> Ofrécese só algunhas das principais edicións.
<b>Bibliografía complementaria</b>	Bibliografía exhaustiva preparada por Robert R. Lauer y otros: <a href="http://faculty-staff.ou.edu/L/A-Robert.R.Lauer-1/BibCelestina.html">http://faculty-staff.ou.edu/L/A-Robert.R.Lauer-1/BibCelestina.html</a> Bibliografía seleccionada preparada por Lillian von der Walde Moheno: <a href="http://www.waldemoheno.net/Medioevo/Cel.html">http://www.waldemoheno.net/Medioevo/Cel.html</a>

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**



Materias que continúan o temario
Observacións
Resulta imprescindible a asistencia regular e a participación activa nas sesións presenciais. É importante que o estudante realice as lecturas e tarefas encomendadas nos prazos establecidos para que aproveite mellor as sesións presenciais. A adicación, o compromiso coa aprendizaxe e a calidade expositiva deben axeitarse aos dun futuro investigador.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías